



O próximo venres 28 de maio de 2010 ás 20:30 h. na Aula de Cultura Ponte de Rosas terá lugar o acto de entrega do **VII Premio de Xornalismo Nano Cambeiro a Guillermo Rodríguez, director do xornal “A Peneira”** pólo suplemento “A Peneira do Miñor”

No acto intervirán, o Presidente da asociación *Ponte nas Ondas, Santiago Veloso, *que realizará a xustificación do premio ao que responderá o premiado Guillermo Rodríguez, director de “A Peneira”

Intervirá tamén *Fernando Casás*, autor do bronce que se entrega como premio, que será entregado por Cali, a filla de Nano Cambeiro.**

Poñerá remate ao acto aberto ao público o grupo de pandereteiras miñorás “*As teloneiras de Marita”. *

Ao remate haberá unha cea, no Pazo da Escola de Mañufe, co premiado, á que se pode asistir previa reserva no 680 644 490 ou ben no enderezo electrónico direccion@minhor.org

BASES DO VIII PREMIO DE XORNALISMO “NANO CAMBEIRO”

1. O premio outorgarase a aquela colaboración xornalística referida ao Val Miñor realizada en lingua galega e publicada en calquera medio ou método de comunicación: prensa escrita, publicación periódica, radio, televisión, internet, etc...

2. A temática é libre sempre que sexa evidente a súa relación co Val Miñor no seu conxunto ou con calquera dos tres concellos que o forman.

3. O traballo premiado deberá estar publicado no ano natural anterior ao da entrega do premio. Poderá ser presentado polo seu autor/a, por calquera persoa que así o xulgue ou tamén poderá ser seleccionado por un/unha membro da Xunta de Goberno do IEM. En calquera dos casos, deberá xustificarse a súa publicación no ano natural correspondente (nesta ocasión o ano 2009), rematando o prazo de presentación/selección de traballos o 30 de maio do ano seguinte (nesta ocasión no ano 2009). A efectos de notificación, o enderezo do Instituto de Estudos Miñoranos é: Apartado de Correos 30, 36380 – Gondomar.

4. O premio, sen dotación económica, consistirá nunha peza escultórica realizada expresamente para o mesmo polo escultor Fernando Casás.

5. A persoa, ou persoas merecedoras do premio daranse a coñecer aos medios de

VII Premio de Xornalismo Nano Cambeiro

Escrito por IEM

Mércores, 26 Maio 2010 01:53

comunicación no remate do verán de cada ano coincidindo co aniversario do falecemento de Nano Cambeiro.

6. O premio será entregado nun acto público organizado polo IEM a celebrar durante os meses finais de cada ano.

7. O xurado do premio estará formado pola Xunta de Goberno do IEM quen decidirá de entre todos os traballos presentados ou seleccionados. A súa decisión será inapelable. O premio podería declararse deserto se así o considerase o xurado. Así mesmo o Xurado poderá decidir sobre a concesión de unha ou varias Mencións Especiais.

8. Os membros da Xunta de Goberno do IEM quedan excluídos da súa participación neste premio.

Val Miñor, 22 de setembro de 2009